

GAIÁS  
CIDADE DA  
CULTURA



ENTRADA  
GRATUITA

- Circo
- Jogos
- Teatro
- Música
- Malabares

SÁBADO  
24  
AGO  
2013

CIDADE  
IMAXINARIA  
Gaiás - Cidade da Cultura

santiago de compostela

HORARIOS  
MAÑA  
11:30/14:30  
TARDE  
16:30/20:30



## GAIÁS CIDADE DA CULTURA

A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia con resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este novo espazo, destinado á creatividade e ao coñecemento, acolle catro institucións culturais:

**MUSEO CENTRO GAIÁS.** A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais internacionais e espectáculos de artes escénicas.

**BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA.** Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

**CENTRO DE EMPRENDEMENTO CREATIVO.** Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, e o espazo de coworking “Emprende Cultura Gaiás”.

**CENTRO DE INNOVACIÓN CULTURAL (CINC).** Sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.



## CIDADE IMAXINARIA

Cabezudos con rodas, ollos que voan, marionetas de carne e óso, magos que non saben facer maxia, titiriteiros, zancudos, pallasos, malabaristas... O vindeiro sábado 24 de agosto, o Gaiás celebra o festival por excelencia do verán: *Cidade Imaxinaria*, todo un día cheo de espectáculos, xogos e obradoiros ao aire libre para toda a familia. De 11:30 a 21:30 horas, a Cidade da Cultura volverá ao mundo da maxia, o teatro e o xogo nun ambiente cheo de cor, humor e música no que gozarán grandes e pequenos.

Ao redor de 100 artistas converterán por un día o Gaiás nunha Cidade Imaxinaria na que 20 compañías porán en escea ao longo de todo o día un total de 19 espectáculos en diferentes pases. Xunto a “zancudos”, pallasos, equilibristas e malabaristas, nenos e non tan nenos adentraranse nun mundo de fantasía da man duns curiosos personaxes a bordo de *Velocípledos* e dos bailes do noso particular *Moulin Rouge*. Tras resolver os máis de cincuenta xogos ópticos, de habilidade e enxeño que propón *Colors de Monstre*, os asistentes poderán perderse polo *Garabato de Xogos*, demostrar quen é o máis forzado no *High Striker* ou o máis rápido do lugar tras participar en *Ordeña a vaca*.

Aprendizaxe e diversión non están reñidos tal e como comprobarán os nenos que se acheguen ata os fogóns da *Cociniña Sabrosa*, na que converterse nun auténtico chef e convidar a toda a familia a comer; ou os que elixan ache-

garse ao *Pke Spa*, onde descubrir o poder da aromaterapia e cromoterapia. Os máis hábiles coas mans terán o seu oco no mundo de *Balloon Communication*, onde crear todo tipo de personaxes con globos; e poderán crear os sombreros máis divertidos da man de Paul Henri Jeannel e o seu *Chapeau Magique*.

O Gaiás acollerá novos espectáculos para toda a familia onde a maxia será protagonista. Mans que cantan, ollos que voan e metais que flotan serán os protagonistas do *Teatriño máxico*, mentres que en *Teatrino dei Piedi* os pés de Verónica González converteranse nunhas auténticas marionetas de carne e óso. Humor e maxia mestúranse en *Sin Sin Calcetín*, onde o público tratará de axudarlle ao mago Fran Qué a ensinalle ao seu amigo Luigi algún que outro truco.

E un ano máis, teatro e cine estarán presentes na praza exterior do Gaiás a través da caravana da *Señorita Lupierre*, un pequeno carromato no que tres cómicos mesturarán medo e humor nos *Contos para escagarriñarse*, o teatro sobre rodas *Siet7e* ou a sala de cine máis pequena do mundo: *Puck Cinema*.

Un amplo abano de actividades que contará ademais con postos de comida que nos devolven ás feiras de antes, espectáculos itinerantes, música en directo e ata un fotomatón no que inmortalizar unha nova *Cidade Imaxinaria*.

## Velocíclopes



Compañía: Fantoques Baj  
Lugar: Corredor de acceso ao recinto  
Todo o día  
Para todos os públicos

Cabezudos monotorizados serán os encargados de recibir aos asistentes desta nova Cidade Imaxinaria. Zapatos xigantes, cíclopes, automóviles tuneados manipulados por divertidos “condutores” daralle a benvida ao público a través de situacións divertidas, surrealistas e cheas de cor e bo humor.

## Teatriño máxico



Compañía: El Retrete de Dorian Gray  
Lugar: corredor cuberto do Arquivo  
Horarios: 11:30, 12:15, 13:00, 13:45, 16:30, 17:15, 18:00, 18:45, 19:30.  
Duración: 20 minutos cada pase.  
Aforo máximo: 20 persoas.  
Todos os públicos.

Mans que cantan, ollos que voan, metais que flotan... Todo o imposible é posible no teatriño máxico, unha burbulla branca na que os sonhos se fan realidade. Atrévete a cruzar a porta xiratoria, agarda a que a luz da imaxinación se encenda e goza dun espectáculo que desafia á gravedade durante vinte minutos máxicos onde nada é o que parece.

## Cociniña sabrosa



Compañía: Les Festijoux

Lugar: soportais da praza

Horarios: 11:30, 12:00, 12:30, 13:00, 13:30, 14:00, 16:30, 17:00, 17:30, 18:00, 18:30, 19:00, 19:30, 20:00.

Duración: 25 minutos cada pase.

Aforo máximo: 40 nenos por pase.

De 2 a 8 anos

Vai ao mercado, faite cos mellores ingredientes –desde froitas e verduras a carne, peixe, ovos ou pan), aprende a confeccionar divertidos menús e participa nos obradoiros pedagóxicos nos que aprender a recoñecer os produtos estacionais. Logo, convida aos teus pais, amigos e familiares ao restaurante para que poidan saborear os teus orixinais pratos.

## Teatrino dei Piedi



Compañía: Verónica González

Lugar: Aula 2 da Biblioteca e Arquivo de Galicia

Horarios: 12:00, 13:00, 17:30, 18:30 e 19:30

Duración: 30 minutos cada pase.

Aforo máximo: 40 persoas por pase.

A partir de 3 anos

**Entradas:** a actividade é de balde mais é preciso retirar entrada no Punto ON. A partir das 11:30 horas para os pases de mañá e a partir das 16:30 horas para os de tarde. Máximo de entradas por persoa: 2.

Verónica González ten dous pés como case todas as persoas deste mundo... Pero os seus pés son especiais e encarnan fantásticos personaxes que viven en historias onde o absurdo e a poesía se alternan harmoniosamente. Estas marionetas de carne e óso interpretan a ritmo de música e cun toque de humor escenas ricas de fantasía, ritmo e cor.

## Sin Sin Calcetín



Compañía: Ludus

Lugar: Aula 2 da Biblioteca e Arquivo de Galicia.

Horarios: 12:30, 17:00, 19:00.

Duración: 1 hora e 15 minutos cada pase.

Aforo máximo: 120 persoas cada pase.

A partir de 3 anos.

**Entradas:** a actividade é de balde mais é preciso retirar entrada no Punto ON. A partir das 11:30 horas para os pases de mañá e a partir das 16:30 horas para os de tarde. Máximo de entradas por persoa: 2.

Grandes ilusións, fantasía, trucos e, por riba de todo, gargalladas a esgalla. Non te perdas este espectáculo de maxia cómica protagonizada polo mago Fran Qué e o seu amigo Luigi, un aprendiz un pouco torpón que máis que aprender trucos se dedica a estropear os números. Un divertido show no que o público se converte en gran protagonista.

## High Striker



Lugar: Muro da praza exterior.


Horarios: 11:30-14:30 horas / 16:30-20:30 horas.

Duración: todo o día.

Todos os públicos.

Consegue a máxima puntuación co martelo demostrándolle aos seus amigos a túa forza e destreza... Atrévete?

## Ordeña a vaca



Lugar: Muro da praza exterior.

Horarios: 11:30-14:30 horas / 16:30-20:30 horas.

Duración: todo o día.

Todos os públicos.

Serás capaz de ordeñar á nosa vaca tola conseguindo a maior cantidade de leite no menor tempo posible? A por todas, granxeiro!

## Maquillaxe e fantasía



Compañía: Brétema

Lugar: Muro da praza exterior.

Horarios: 11:30-14:30 horas / 16:30-20:30 horas.

Duración: todo o día.

Todos os públicos.

O mundo da fantasía tamén estará presente nesta Cidade Imaxinaria a través dun obradoiro de maquillaxe co que poder explorar a túa creatividade. Segue as instrucións dos monitores, aprende a pintar a cara das máis diversas cores e con formas moi orixinais e convértete por unhas horas nunha fermosa princesa, nun fero tigre, nun super-heroe ou naquilo que se che pase pola imaxinación.

## Chapeau Magique



Compañía: Paul Henri Jeannel  
Lugar: Sala Camiño de Santiago  
Horarios: 11:30, 12:15, 13:00, 13:45, 17:00, 17:45, 18:30 e 19:15 h.  
Duración: 30 minutos cada pase.  
Aforo máximo: 60 persoas cada pase.  
A partir de 5 anos

Unha inmensa folla de papel e o artista... e case parece maxia! Todos poden dobrar e personalizar o seu propio sombreiro e, entón, só falta lucilo orgullosamente. Ao mesmo tempo, un rolo de papel de oito quilómetros está suspendido no aire. Alguén poderá aguantar sen romper un anaco para xogar, crear, gozar...?

## Balloon Comunication



Compañía: Sina Greinert  
Lugar: Sala Camiño de Santiago  
Horarios: 11:30, 12:30, 13:30, 16:30, 17:30, 18:30 e 19:30 horas.  
Duración: 45 minutos cada pase.  
Aforo máximo: 30 persoas por case.  
A partir de 9 anos.

Crea fantásticos mundos a partir de globos de cores e os sabios consellos de Sina Greinert nun escenario pensado para deixarse levar pola imaxinación. Mérgullate nun mundo e fantasía a través de figuras divertidas, recoñecidos personaxes e inmensas construcións e realiza as túas propias creacións.



## Pke Spa



Compañía: Mekané  
Lugar: soportais da praza exterior.  
Todo o día  
Aforo máximo: 30 nenos  
De 3 a 12 anos.

Goza dun spa infantil cargado de relax, con sons enerxéticos e aromas agradables onde aprender a fabricar e decorar produtos de spa para levar a casa. Practica técnicas de relaxación, participa nos obradoiros de desenvolvemento manual e enerxético e descobre o poder da aromaterapia e da cromoterapia, practicando danza e bailes para liberar a mente e gozar.

## O bo vén en frascos pequenos



Compañía: Circortito  
Lugar: praza exterior.  
Horarios: 12:30 e 18:00 horas  
Duración: 50 minutos  
Todos os públicos

Desde o alto do trapecio ata o máis diminuto: as bicicletas máis pequenas que xamais se viron. Vive a esencia do circo da man de Sarini, intrépida trapecionista e acróbata que deixará a máis de un coa boca aberta; e Dieguete, atrevido humorista que nos levará do tenro ao absurdo nun abrir e pechar de ollos.

## Contos para escagarriñarse



Compañía: Ghazafellos  
Lugar: praza exterior  
Horarios: 11:30, 17:00 e 19:00.  
Duración: 50 minutos cada pase.  
Todos os públicos

Un pequeno carromato, tres cómicos, unha cabra e a imprescindible participación do público. Estes son os ingredientes necesarios para gozar das mellores historias de terror, misterio e loucura que os nosos pais, nais e avós nos transmitiron a través da tradición popular: A Santa Compañía, As Lavadeiras e a Cabra Montesina.

## A Señorita Lupierre



Compañía: Miguelillo  
Lugar: Praza Exterior.  
Horarios: 11:30-14:30 horas / 16:30-20:30 horas.  
Duración: 10 minutos cada pase.  
Aforo máximo: 12 personas.  
A partir de 4 anos.

O microteatro será protagonista desta nova Cidade Imaxinaria a través de tres maravillosos personaxes, unha vella caravana e música en directo coa que deleitar a grandes e pequenos coa historia máis fermosa e trágica xamais contada. Acompaña a Fridiano Cartapacio e ao seu inseparable amigo Gláfido ao mundo máxico da Señorita Lupierre, propias creacións.

## Sie7e, The Object Microtheatre



Compañía: ymedioteatro

Lugar: Plaza Exterior.

Horarios: 11:30h, 11:50h, 12:10h, 12:30h, 12:50h, 13:10h, 13:30h, 13:40h, 14:10h, 16:30h, 16:50h, 17:10h, 17:30h, 17:50h, 18:10h, 18:50h, 19:10h, 19:30h, 19:50h, 20:10h (20 pases).

Duración: 10 minutos cada pase.

Aforo máximo: 15 personas.

A partir de 4 anos

Un novo teatro inaugúrase na cidade pero non é un teatro calquera... É un teatro que xamais se viu. Un teatro sobre rodas. No seu interior, sete metros cadrados nos que quince espectadores terán a sorte de gozar dos soños máis grandes no que os obxectos cotiáns cobran vida e nos contan as súas conmovedoras historias.

## Puck Cinema



Compañía: Tombs Creatius

Lugar: Praza Exterior.

Horarios: 11:30-14:30 horas / 16:30-20:30 horas.

Duración: 10 minutos cada pase.

Aforo máximo: 10 personas en cada pase.

Todos os públicos.

Non deixes de entrar na sala de cine máis pequena do mundo. Chan de herba, teitos de madeira e paredes de cores agardan aos curiosos espectadores que deberán escoller a película do día. Doce curtametraxes para todos os públicos de 4 a 10 minutos compoñen un coidado programa co que recuperar a paixón polo cine de animación.

## Colors de Monstre



Compañía: Tombs Creatius

Lugar: Praza Exterior.

Horarios: 11:30-14:30 horas / 16:30-20:30 horas.

Todos os públicos.

Participa nesta gran zona de xogos de habilidade, enxeño e ópticos feitos de madeira e de forma artesanal. Un total de cincuenta estruturas pensadas para todos os públicos onde grandes e pequenos atoparán o seu espazo para o divertimento.

## Garabato de Xogos



Compañía: Garabatos de Xogos

Lugar: Praza Exterior.

Horarios: 11:30-14:30 horas / 16:30-20:30 horas.

Todos os públicos

Divértete co Garabato de xogos, unha idea orixinal e diferente formada por trinta xogos elaborados con materiais reciclados e recuperados para o goce de pequenos e non tan pequenos. Mira polo periscopio, balancéate co xigante ou xoga ao balontenis ao tempo que desenvolves aptitudes como a paciencia, a tenacidade e o enxeño.

# Moulin Rouge



Compañía: Troula Animación

Lugar: Praza central

Horarios: 13.30h – 14.30h, 16.30h – 17.00h, 20.00h – 20.30h.

Todos os públicos

Xigantes, malabaristas, bailaríns...Un muiño móbil e divertidos personaxes saídos do universo do cabaret animarán os exteriores desta Cidade Imaxinaria interactuando cos presentes a ritmo do “French can can” e a través dos seus espectáculos cómicos, malabares, números de danza e, por suposto, as mellores cancións de cabaret.

# Info práctica

## ***LUGAR E HORA:***

Sábado 24 de agosto de 2013

Gaiás - Cidade da Cultura

De 11.30 a 14.30 e de 16.30 a 20.30 horas

## ***ACTIVIDADES NAS QUE HAI QUE RETIRAR TICKET***

As actividades “Sin Sin Calcetín” e “Teatrino dei Piedi” son gratuítas previa retirada de ticket no Punto On. A partir das 11.30 h. para as sesións de mañá e a partir das 16.30 h. para as sesións de tarde. Máximo, dúas entradas por adulto.

## ***TICKETS PARA A VENTA DE DOCES***

Habilitarase un posto para a retirada de tickets para canxear nos postos de doces: palomitas, gofres, algodón de azucre e xeados .

## ***XANTAR NA CANTINA***

A Cantina ofrecerá diversos menús para a hora do xantar e contará cunha barra na Praza na que poder mercar ao longo do día bebidas, hamburguesas, canciños quentes e bocadillos.

## PATRONOS FUNDACIÓN GAIÁS

As seguintes empresas, institucións e persoas decidiron participar e apoiar activamente a Cidade da Cultura de Galicia, demostrando o seu firme compromiso con Galicia e coa cultura.

Todas as empresas, institucións e persoas que conforman o Padroado da Fundación Gaiás comparten cos respon-

sables e os xestores da Cidade da Cultura de Galicia a idea de apostaren decididamente pola cultura en Galicia, tanto polo seu valor como eixe de cohesión social, como pola súa capacidade para fomentar o progreso sostible da sociedade galega.



**INDITEX**

**INVERAVANTE**



**Fundación Barrié**

**Banco Gallego**



**Campo**

**GADIS**



**Astillero BARRERAS**  
V I G O

**Estrella Galicia**

**R**

**MONBUS**



**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA

*Logos*

*Circo*

*Maxia*

*Teatro*

*Malabares*